Campaña

Silencio!!!

RECÓRTASE

"A crise que sufrimos non é produto dun mal funcionamento ou dunha mala situación, é a consecuencia normal do seu bo funcionamento, canto máis rápido vai a locomotora máis xente sae despedida dos vagóns e máis veces descarrila."

Precarias en loita

Vimos falando desde hai anos da desigualdade e pobreza á que nos condena o sistema capitalista. No mundo dos servizos sociais observamos que esa fenda cada día é máis grande condenando a malvivir a unha maioría, poñendo de manifesto que as reformas non serven para nada nunha estrutura perversa.

En **Vigo** os datos reflicten con crueza esta realidade:

- >> **70.000** viguesas son pobres
- >> **28.000** están no paro
- >> **9.000** familias viven da caridade
- >> Máis de **300** persoas sen fogar

Se imos aos datos de Galicia a situación non mellora:

- >> **15 %** das galegas están no paro
- >> **25%** das traballadoras cobran menos de 600 □
- >> **13%** dos fogares son pobres
- >> **73%** das persoas entre 18 e 29 anos viven cos pais

Este panorama só semella ir a peor, pero volvendo ao mundo do chamado Benestar os datos alarman:

>> Anuncian recortes dun **12% no Plan Concertado** co cal o goberno estatal destina cartos aos municipios para axudas sociais, contías que son moi importantes para desenvolver servizos básicos como a axuda no fogar ou para programas que loitan contra a exclusión social.

>> Os orzamentos da Xunta para 2011 sofren un **5,5% de recorte en gasto social**, o que implica, por exemplo, a que só cobrarán axudas **1.600 dos 20.000 dependentes** recoñecidos que terán que agardar.

>> A reforma da RISGA non implicará maior gasto a pesar de que o número de solicitudes non para de medrar. Preocupa tamén que aos risgueiros lles queiran obrigar -coa nova reforma- a prestar servizos comunitarios sen máis compensación que o cobro da axuda.

Ante isto o único que queda é resistir e seguir na construción dunha sociedade baseada na xustiza, na igualdade e nunha relación de respecto e harmonía coa natureza.

Por iso apostamos por xuntarnos, organizarnos e reclamar o que é noso (que ben sendo de todas), un **reparto xusto da riqueza** en base ás necesidades da sociedade a través dunha **Renda Básica** no marco dos chamados **Dereitos Sociais Fundamentais**, como a **vivenda**, o **transporte**, a **soberanía alimentar**, o **dereito a traballar na propia terra**, e un longo **etc.**

Vigo, novembro 2010

ODS-Coia (Oficina Dereitos Sociais – Coia)
e **GAS** (Grupo Axitación Social)

GRUPO AXITACIÓN SOCIAL

ODS - COIA
OFICINA DE DEREITOS SOCIAIS - COIA